

Número de bens inmobles de uso residencial por Km²

Resumo de resultados 28/02/2025

ÍNDICE


Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización	1
Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización	2
Definicións, fontes e máis información	4

ZDP: Zona densamente poboada; **ZIP:** Zona intermedia; **ZPP:** Zona pouco poboada

Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización

Número de bens inmobles de uso residencial por Km² segundo o grao de urbanización. Información para Galicia e provincias. Ano 2023

	2015				2023			
	Total	ZDP	ZIP	ZPP	Total	ZDP	ZIP	ZPP
Galicia	53,1	523,7	124,5	21,0	55,0	535,3	128,6	22,1
• A Coruña	76,4	637,0	136,6	27,6	78,3	651,1	139,8	28,4
• Lugo	24,0	174,2	70,9	13,4	25,5	179,7	73,2	14,7
• Ourense	35,2	777,7	110,7	21,6	36,6	786,7	116,1	22,6
• Pontevedra	104,8	766,2	147,2	29,4	108,1	784,0	152,8	30,3



O número de bens inmobles de uso residencial por Km² aumenta co grao de urbanización e ademais a ZDP diferénciase notablemente das outras dúas zonas. A ZDP presenta valores especialmente altos nas provincias de Ourense e Pontevedra, nas que o número de bens inmobles de uso residencial por Km² sitúase por riba de 780 inmobles. Na ZIP o indicador toma o valor máis alto na provincia de Pontevedra, que con 152,8 inmobles de uso residencial por Km², supera o dobre do valor rexistrado en Lugo, que acada os 73,2 inmobles. O valor do indicador non presenta diferenzas significativas entre as provincias na ZPP.

Por outra parte, a provincia de Lugo presenta valores baixos do indicador, o que reflicte unha maior dispersión nesta provincia dos bens inmobles de uso residencial.


Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización

Número de bens inmobles de uso residencial por Km² segundo o subgrao de urbanización. Galicia

Os datos do indicador segundo o subgrao de urbanización reflicten tamén unha relación directa co subgrao de urbanización e permiten afondar máis na caracterización das distintas zonas de urbanización de Galicia. Así, por un lado cómpre sinalar que na ZIP alta o número de inmobles de uso residencial por Km² é case o dobre que na ZIP baixa e na ZPP baixa é notablemente inferior ás outras dúas subzonas da ZPP.

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Total	53,6	54,0	54,3	54,5	54,6	55,0	54,8	55,0
ZDP	525,3	527,1	527,7	529,3	530,1	531,7	533,8	535,3
ZIP alta	147,7	148,5	149,6	149,7	150,7	153,7	151,6	152,0
ZIP baixa	86,4	87,1	87,6	87,7	87,5	88,6	87,9	88,1
ZPP alta	49,5	49,7	50,0	50,2	50,6	50,7	50,8	51,1
ZPP intermedia	36,4	36,8	37,3	37,6	37,6	37,5	37,7	37,8
ZPP baixa	16,1	16,4	16,5	16,6	16,6	16,6	16,5	16,5

Número de bens inmobles de uso residencial por Km² segundo o subgrao de urbanización. Galicia



Definicións, fontes e máis información

Definicións

Número de bens inmobles de uso residencial por km² É o cociente entre o número de bens inmobles de uso residencial e a superficie, expresado en tanto por km²

Inmable: Por regra xeral, un inmable é toda parcela ou porción de solo de natureza urbana, enclavada nun termo municipal e cerrada por unha liña poligonal que delimita o ámbito do dereito de propiedade dun propietario ou de varios pro indiviso, e no seu caso as construcións emprazadas en dito ámbito.

No Censo de poboación e vivendas un inmable é cada un dos ocos que configuran os edificios, xa sexan vivendas ou locais.

Descarga de datos

- [Número de bens inmobles por km² e por 1.000 habitantes segundo o grao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 2009)
- [Número de bens inmobles por km² e por 1.000 habitantes segundo o grao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 2009)

Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir de: Dirección General del Catastro. Catastro inmobiliario, IGN. Información subministrada directamente